

Tareixa Roca, escritora: "A miña curiosidade é inesgotable e forma parte de min"

Esta guitiricense presentou, na Escola Habaneira de Guitiriz, o seu novo libro *Tempo de amoras*, unha colección de relatos que van dende a infancia ata a mocidade, á vez que afondan nas primeiras experiencias vitais e nos sentimentos que van formando a nosa identidade

[Ana Villares / D. V.](#) 22 de agosto de 2025

<https://www.elprogreso.es/articulo/a-chaira/mina-curiosidade-inesgotable-forma-parte-min/202508220643031901966.html>

Tareixa Roca é unha escritora, tradutora e docente de [Guitiriz](#). Cunha traxectoria vencellada ao ámbito da educación e da literatura galega, cultivou tanto o ensaio como a narrativa. En *Tempo de amoras*, a súa nova obra, ofrece unha serie de relatos que exploran as emocións e as complexas relacións humanas a través dunha linguaxe próxima e sincera.

Como naceu *Tempo de amoras*?

O nacemento desta obra vén de moi atrás. Foron escritos hai bastantes anos e xa daquela fixen varias versións. Fai dous anos ou así retomeinos, por puro azar e volvín darlles outro repaso. De feito, dalgún cheguei a facer ata sete versións diferentes, e estiven polo menos outros dous anos traballando neles.

Por que elixiu este título?

Tempo de amoras xoga coa idea de tempo de amores, porque a adolescencia é unha etapa propicia para os amores e para vivir a xuventude con intensidade.

Que significa para vostede publicar un novo libro?

É unha alegría moi grande poder compartir *Tempo de amoras* con todo aquel que o lea. Ademais, como obxecto, este é un libro fermosísimo. A portada foi creada especialmente para este libro por Xulio García Rivas. Fixo tres portadas diferentes para que elixísemos e escollemos esta. Representa amoras maduras e amoras aínda verdes, en sintonía co ritmo do libro.

Como comezou a escribir?

A verdade é que sempre me gustou. Eu comecei a publicar cando aínda estaba na facultade estudando. Publicaba traducións en revistas pequenas, e comecei a colaborar coa *Gran Enciclopedia Galega*. Tamén participei no diccionario *Estraviz*, dirixida por Isaac Alonso Estraviz. Non publiquei o meu primeiro libro ata o ano 2020.

Resúltalle fácil escribir ou ás veces cústalle poñerse?

Digamos que lle dou moitísimas voltas na cabeza antes de escribir nada. Entón, no momento de escribir a primeira redacción xa teño unha idea bastante clara do que quero contar. A partir de aí comezo a rescribir. Para iso ármome con dicionarios e enciclopedias.

Onde e cando adoita escribir?

Sempre escribo nas casas onde vivo ou vivín: en Guitiriz, en Lugo, en Santiago...

Considérase unha persoa curiosa e lectora?

Si, a miña curiosidade é inesgotable. Por iso consulto tantas enciclopedias e dicionarios: dunha palabra ou tema paso a outro, e así sen fin. A curiosidade e a lectura acompañáronme sempre, forman parte de min.

Que relación ten con Guitiriz e como inflúe no que escribe?

Nacín en Guitiriz e vivín alí ata os dez anos, que me tiveron que ir a Lugo a estudar. Alí pasaba moitísimo tempo nas vacacións, que daquela eran moito máis longas ca agora. Esa pegada está moi presente na miña escrita. No meu libro anterior, por exemplo, as aventuras transcorren en Guitiriz aínda que non lle chamo así. Sigo tendo a miña familia alí, e vou sempre que podo.

Por que elixe escribir en galego?

Formo parte da primería promoción de Filoloxía Galego-Portuguesa. Pasámonos a falar exclusivamente en galego en terceiro de carreira. Ese ano deume clase por primeira vez don Ricardo Carvalho Calero, de quen eu me considero discípulo. El foi o meu profesor e o meu mestre. De feito, foi o que me bautizou co nome de Tareixa.

Cre que a literatura galega está vivindo un bo momento?

Eu creo que si, porque afortunadamente hai moitísima xente que está escribindo en galego, e iso é unha mostra de vitalidade e de compromiso coa lingua.